

O MAPA LITOLÓXICO DE ESPAÑA [ver tamén geopress.educa.aragon]

A litoloxía ocúpase do estudo do rochedo. Segundo o tipo da litoloxía predominante en cada área xeográfica, a paisaxe e a vexetación vense condicionadas.

É habitual clasificar a Península e os arquipélagos españois en función do rochedo predominante. Deste xeito, o territorio foi dividido en catro grandes áreas: **silícea**, **calcaria**, **arxilosa** e **volcánica**.

En función do tipo de rocheo, podemos ter relevos graníticos, cársticos, arxilosos e volcánicos; se o rochedo está combinado en estratos poden darse *relevos de erosión diferencial* (como os [relevos subhorizontais de áreas sedimentarias](#)).

A **área silícea** está formada por rochas antigas da era precámbrica e primaria: granito (predominante), lousas, cuarcitas e gneis. Localízase de xeito primordial no oeste peninsular, en relación co vello macizo Hespérico: Galicia, León, Estremadura e parte occidental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Montes de Toledo e Serra Morena. Atopamos presenza de granito tamén na zona axial dos Pireneos, certos sectores do Sistema Ibérico, da Cordilleira Costeiro-Catalana e da Cordilleira Penibética.

As características do granito condicionarán o seu modelado. Trátase dunha rocha cristalina e ríxida que pode ser alterada física ou químicamente (por xelifracción ou conxelación da auga en áreas elevadas ou frías pódense formar gretas ou **diaclasas**; en zonas máis baixas, a auga que penetra nas fisuras pode ocasionar **tors**, **caos de bolas**, penedos, a presenza de **pedras cabaleiras**, etc.). (*) [[Texto e vídeo sobre Monte Pindo](#)]

A **área calcaria** está formada por sedimentos da era secundaria, pregados durante a era Terciaria. Os terreos calcarios forman unha “Z” invertida que van dende os Prepireneos, Montes Vascos, sector oriental da cordilleira Cantábrica, Sistema Ibérico, parte da cordilleira Costeiro-Catalana e a cordilleira Subbética.

A caliza é unha rocha dura, mais disólvese facilmente coa auga da choiva, orixinando un relevo cárstico (nome que provén de Karst, rexión situada entre o noreste de Italia, Eslovenia e Croacia, onde predominan os modelados calcarios aos que facemos referencia).

As formas características do relevo cárstico inclúen: **lapiás** ou **lenares** (sucos abertos pola auga de escorrentía sobre as vertentes); **gorxas** ou **foces** (vales estreitos e profundos con vertentes abruptas causadas polos ríos); **dolinas** ou **torcas** (cavidades de paredes abruptas que se orixinan alí onde a auga se estanca, formando lagos; predominan as formas circulares); **uvalas** ou unións de varias dolinas; **poljes** (depresións pechadas e aplanadas, delimitadas por vertentes abruptas, percorridas parcialmente por correntes de auga que desaparecen por un sumidoiro e continúan circulando subteraneamente); **covas** (galerías creadas no interior dun terreo calcario; nelas fórmanse *estalactitas* -se pingan do teito- ou *estalagmitas* -se ascenden desde o chan-; a fusión destas dúas pode formar unha **columna**); **simas** (aberturas estreitas que comunican a superficie coa galería). (*)

A **área arxilosa**, constituída por depósitos sedimentarios pouco resistentes (arxilas, margas, conglomerados ou xesos), depositados a finais do Terciario e Cuaternario, inclúe as depresións da submeseta norte, submeseta sur, as depresións do Ebro e Guadalquivir, e as chairas costeiras -sobre todo ubicadas no Mediterráneo-.

Os estratos do relevo, nesta área, son esencialmente horizontais, xa que non se deron pregamentos posteriores. A erosión é rápida, dada a brandura e plasticidade dos materiais. Os axentes erosivos, fundamentalmente a auga, actúan de xeito contundente neste sector.

Nas áreas onde hai unha alternancia de períodos secos e cálidos con outros de choivas torrenciais, curtas e intensas, sen existir protección vexetal (especialmente o SE peninsular), as arroiadas provocan un forte desgaste nas vertentes, formando **cárcavas** ou **badlands**. As chairas de **aluvión** tamén son unha forma do relevo característica.

A **área volcánica** abrangue esencialmente as illas Canarias, aínda que tamén hai exemplos de zonas volcánicas de actividade extinguida en áreas como o Campo de Calatrava (Cidade Real) e Olot (Girona). As rochas volcánicas dan lugar a edificios volcánicos nas que a presenza de **complexos basais** (constituídos por materiais orixinados baixo o océano con erupcións submariñas), **pillow-lavas** aflorando a traverso dunha extensa rede de diques, **dorsais** constituídas pola acumulación de lavas emitidas a partir das principais directrices estruturais do arquipélago canario, **vales** e **caldeiras**. (*)